

## ANUNCIO

## CONVOCATORIA

**Expte TEDEC:** 2023/A008/000032- 2023/G003/000604

**Programa:** OBRADOIROS DE EMPREGO (EXPTE: 15/0015/2023)

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE III"

Por medio do **decreto da Alcaldía do 30/09/2023 (TEDEC: 2023/A008/000032- 2023/G003/000604)** aprobáronse as bases de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE III" (Expte 15/0015/2023, elaboradas e asinadas pola Comisión de Selección deste programa mixto.

Tamén se aprobou a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio deste obradoiro de emprego, que se fai pública mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico para a contratación das persoas traballadoras que cubrirán as seguintes prazas deste obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as das especialidades "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (AGAR0309) (xornada completa) e "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería" (AGAO0108) (xornada completa)
- 2 mestre/s de formación complementaria ( ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 auxiliar administrativo/a (ao 50 % da xornada).

Este procedemento de selección rexerese fundamentalmente polo establecido nas anteditas bases de selección do persoal e do alumnado-traballador deste obradoiro dual de emprego e conforme o regulado na **orde** de convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade **do 21 de abril de 2023** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 85 do xoves, 4 de maio de 2023). e nas **Instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación do 14/06/2023** en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-24.

As bases publicaranse tanto no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo e na sede electrónica ([sede.abegondo.gal](https://sede.abegondo.gal)), accesible a través de web municipal ([www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos e da Coruña- Monelos, (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a que xestionará as ofertas que se presentarán).

As devanditas bases da convocatoria conteñen todas aquelas cuestións ou aspectos substanciais dos procesos de selección, a teor do disposto no apartado 7 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación do 14/06/2023, entre eles os seguintes: requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas, características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas, a forma e



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

lugar e prazo de presentación de documentación, o lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas, entre outras cuestións de interese para as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos.

As instancias que conteñen as solicitudes para participar nos procesos selectivos deberán presentarse na forma e achegando a documentación indicada no apartado 4.3 das bases de selección, no prazo de **5 días naturais** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 31 de outubro de 2023

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [ <https://sede.abegondo.gal> ] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.